

## Información precontractual adicional sobre o crédito revolving (artigo 33 ter. da Orde EFA/2899/2011, de 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios)

### Tarxeta de crédito AliExpress

Aplicable ás tarxetas de crédito AliExpress.

Nota: as palabras ou grupos de palabras escritos con letra inicial en maiúscula aparecen definidos no glosario da sección 4ª do documento de Información Normalizada Europea (INE) desta tarxeta.

<p><b>A liña de crédito da túa tarxeta e a súa modalidade de pagamento</b></p>	<p>A liña de crédito da túa tarxeta ten carácter rotativo ou <b>“revolving”</b>.</p> <p>A principal característica dos créditos revolving é o establecemento dun límite de crédito cuxo dispoñible coincide inicialmente co devandito límite, que diminúe segundo se realizan cargos (compras, disposicións de efectivo en caixeiros, disposicións por transferencia de efectivo, liquidacións de xuros e gastos e outros) e se repón con aboamentos (pagamento dos recibos periódicos, devolucións de compras, etc.). Polo tanto, as contías da cota mensual que como titular da tarxeta aboes volven formar parte do crédito dispoñible da tarxeta.</p>
<p><b>Que ocorre coas cantidades vencidas, esixibles e non satisfeitas por ti?</b></p>	<p>O Banco non capitaliza cantidades por xuros, comisións e gastos, nin primas de seguros de pagamentos, que resultasen vencidas, esixibles e non satisfeitas</p>
<p><b>Modificación da modalidade de pagamento establecida, así como as condicións para o seu exercicio</b></p>	<p>Como titular da tarxeta, debes elixir a túa modalidade de pagamento do uso da liña de crédito que mellor se adapte ás túas necesidades en cada momento. Ademais, poderás modificar a modalidade de pagamento elixida para cada Período de Facturación, comunicándollo a WiZink a través das canles de comunicación habituais, e cun mínimo de catro (4) días hábiles de antelación á Data de Pagamento da cota mensual que teñas establecida. Se non se produce ningún cambio, entenderase que a forma de pagamento será a mesma que a utilizada na Data de Pagamento anterior.</p> <p>Se non indicases expresamente unha modalidade de pagamento no momento de solicitar e/ou activar a tarxeta de crédito, enténdese que optas pola modalidade de pagamento total.</p> <p>En caso de impagamento pola túa parte, WiZink reserva o dereito de emitir recibos á Conta Corrente de Domiciliación polo importe correspondente ao Pagamento Mínimo se non aboases o importe elixido baixo a modalidade de pagamento establecida antes da finalización do seguinte Período de Facturación.</p>

**Modificación da modalidade de pagamento establecida, así como as condicións para o seu exercicio**

En esta circunstancia, el Banco podrá continuar girando recibos por el Nesta circunstancia, o Banco poderá continuar xirando recibos polo importe correspondente ao Pagamento Mínimo mentres non aboes todas as cantidades pendentes de pagamento, en cuxo momento volverémosche xirar os recibos de acordo coa forma de pagamento que tiñas establecida.

O citado Pagamento Mínimo calcúlase como a maior das seguintes cifras: i) 40€ ou ii) a cifra que resulte da suma dos seguintes conceptos na Data de Liquidación:

- O Pagamento Mínimo de Períodos de Facturación anteriores, se estivesen impagados; máis
- A cota dos Servizos de Pagamento Aprazado, máis
- Os xuros, comisións e gastos, e primas de seguros de pagamentos reportados no Período de Facturación, máis
- 2,5% do Principal Disposto.

No suposto de que por aplicación do cálculo anterior o Pagamento Mínimo resulte 40 €, ademais dos conceptos anteriores inclúranse importes de xuros, comisións e gastos, primas de seguros de pagamentos e Principal Disposto correspondentes a Períodos de Facturación anteriores que se atopen pendentes.

No caso de que se produzan excedidos sobre o Límite da Liña de Crédito, nos conceptos anteriores inclúranse os importes que de cada un deles puidesen estar nesa situación, e ademais poderá estar incluído no Pagamento Mínimo a parte de Principal Disposto que resulte excedida sobre o Límite da Liña de Crédito, así como importes de xuros, comisións e gastos, e primas de seguros de pagamentos correspondentes a Períodos de Facturación anteriores que se atopen pendentes.

**Exemplos representativos de acordo coa Circular 3/2022 de BdE para cada forma de pagamento**

Exemplos representativos segundo a Circular 3/2022 de Banco de España. Para que entendas mellor o funcionamento dunha tarxeta con pagamento aprazado, poñémosche un exemplo tipo para cada forma de pagamento:

**1 - Tendo en conta as seguintes circunstancias:**

- Límite de crédito concedido de 1.500€;
- Cómputo de tempo sobre a base dun ano de 365/366 días;
- Disposición total do límite de crédito concedido dende o primeiro día de vixencia do contrato de Tarxeta de Crédito;
- Forma de pagamento: pagamento aprazado flexible de cantidade fixa, considerando que o cliente elixiu unha cantidade fixa coincidente co Pagamento Mínimo, segundo se definiu este no apartado anterior;
- TIN: 21,58% e TAE: 23,85%. Utilizouse o tipo debedor e comisións máis altos dos aplicados por WiZink na forma de disposición máis comunmente utilizada das previstas no contrato (disposición por compras). A TAE podería ser máis elevada para o resto das opcións de disposición de fondos;
- Vixencia do crédito durante o período de tempo acordado e cumprimento das respectivas obrigas das partes nas condicións e prazos acordados neste contrato;
- Mantemento do tipo de xuro nominal e dos demais gastos ao nivel inicial.

Neste caso, o Titular pagaría: 50 cotas mensuais, das que as 19 primeiras serían por importes decrecentes comezando en 64,48€ e rematando en 40,87€, e a partir desa cota, unha cota constante de 40€ salvo a última que será 10,39€, sendo o importe total debido que pagarías de 2.195,19€ (dos cales os xuros serán 695,19€).

## **2 - No caso dos servizos de pagamento aprazado:**

a) Para o Servizo Plan Aplaza. Se concorresen as seguintes circunstancias:

- Límite de crédito concedido de 1.500€ na tarxeta, que se dispón integramente neste servizo;
- Cómputo de tempo sobre a base dun ano de 360 días;
- Disposición total do límite de crédito concedido dende o primeiro día de vixencia do contrato de Tarxeta de Crédito;
- Pagamento por cotas fixas que inclúen capital e xuros;
- TIN: 21,58% e TAE: 23,85%. Utilizouse o tipo debedor e comisións máis altos dos aplicados por WiZink para este servizo de pagamento aprazado;
- Prazo: 12 meses con amortizacións mensuais;
- Vixencia do crédito durante o período de tempo acordado e cumprimento das respectivas obrigas das partes nas condicións e prazos acordados neste contrato;
- Mantemento do tipo de xuro nominal e dos demais gastos ao nivel inicial.

Neste caso, o Titular pagaría: 11 cotas mensuais de 140,09€ e unha última cota de 140,07€, sendo o importe total debido que pagaría ao final do ano de 1.681,06€ (dos cales os xuros serán 181,06€).

b) Para o Servizo Traspaso de efectivo con pagamento en cotas fixas. Se concorresen as seguintes circunstancias:

- Límite de crédito concedido de 1.500€ na tarxeta, que se dispón integramente neste servizo.
- Cómputo de tempo sobre a base dun ano de 360 días.
- Disposición total do límite de crédito concedido dende o primeiro día de vixencia do contrato de Tarxeta de Crédito;
- Pagamento por cotas fixas que inclúen capital e xuros;
- TIN: 20,93% e TAE: 23,06%. Utilizouse o tipo debedor e comisións máis altos dos aplicados por WiZink para este servizo de pagamento aprazado;
- Prazo: 60 meses con amortizacións mensuais;
- Vixencia do crédito durante o período de tempo acordado e cumprimento das respectivas obrigas das partes nas condicións e prazos acordados neste contrato;
- Mantemento do tipo de xuro nominal e dos demais gastos ao nivel inicial.

Neste caso o titular pagaría: 59 cotas mensuais de 40,52€ e unha última cota de 40,61€, sendo o importe total debido que pagaría ao final do ano de 2.431,29€ (dos que os xuros serán 931,29€).